



Estimadas familias,

O **venres 29 de abril**, o centro escolar ten programada unha **saída** á cidade de **A Coruña**. Nela vai participar **todo o alumnado e profesorado** do colexio.

O grupo de educación infantil e o de primeiro e segundo de primaria van visitar a **Casa das Ciencias** e o **Planetario**, mentres que de terceiro a sexto de primaria acudirán ao **MUNCYT**.

Esta saída vén a completar un ciclo temático adicado á ciencia na nosa escola. Comezou coa contratación do científico David Ballesteros, que nos fixo unha demostración lúdica de conceptos científicos. Continuou coas xornadas da ciencia os días 7 e 8 de abril, onde o noso alumnado realizou experimentos diante dos seus compañeiros e compañeiras. E remata coa visita a dous centros de referencia pedagóxico-científico da cidade de A Coruña.

Motivado polo horario que nos asignaron estes museos da ciencia, **deberemos comer** antes de iniciar a viaxe de volta a Corme. Por iso, é preciso que todas e todos traian unha **pequena mochila coa comida, bebida** e unha muda no caso do alumnado de menor idade.

Sairemos dende o colexio uns minutos antes das 10 da mañá (polo que **virán ao colexio como cada día**) e regresaremos as paradas da Aldea e Corme entre as **16 e as 16:30**. Tendo en conta que a viaxe ten unha duración de 1h aproximadamente, no momento de saír de A Coruña, se nos é posible, enviaremos unha mensaxe por ABALARMOBIL indicando que comezamos a viaxe de volta.

Polo número de alumnos/as do centro, así como de profesorado, vémonos por moi pouco na obriga de contratar dous autobuses. Se algunha familia ten coñecemento de que o seu fillo ou filla non vai acudir a esta saída, agradecemos que o comunique canto antes. A diferenza entre ter que contratar un autobús ou dous supón unha grande diferenza económica. Esta saída ten **custe cero para o alumnado**, xa que o colexio paga as entradas e o transporte.

Para calquera aclaración podedes contactar polos medios habituais; teléfono 881880930 / 881880929, e-mail [ceip.asforcadas@edu.xunta.gal](mailto:ceip.asforcadas@edu.xunta.gal) ou por ABALARMOBIL.

Un saúdo,

En Corme a 21 de abril de 2022

O director



Asdo. Manuel Nicolás Caridad López